

ÍNDICE DE CONTIDOS

1. [X Concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos](#)
2. [Busca de investigadores posdoutorais para o Grupo MODES da UDC](#)
3. [Bolsa Área de Estudos e investigación, Turismo de Galicia](#)
4. [Concurso de profesor laboral interino na Universidad de Oviedo](#)
5. [30th International Biometric Conference](#)
6. [Theory and Practice of Optimal Stopping and Free Boundary Problems](#)
7. [SING16, European Meetings on Game Theory](#)
8. [Premios de Investigación Matemática Vicent Caselles](#)
9. [Curso: Epidemiología avanzada: nuevos diseños epidemiológicos](#)

1.- X Concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos

A Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e a Investigación de Operacións (SGAPEIO) convoca o X Concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos, organizado para estudantes de ESO, Bacharelato, FP básica e Ciclos Formativos de Grao Medio no curso 2019-2020. Con esta iniciativa académica preténdese que o estudantado se inicie no campo da Estatística e as súas aplicacións, tan útiles na Sociedade da Información na que vivimos.

Máis información en: <https://sgapeio.es/index.php/formacion-e-actividades/premios-3298-x-concurso-incubadora-de-sondaxes-e-experimentos>

2.- Busca de investigadores posdoutorais para o Grupo MODES da UDC

O Grupo MODES da Universidade da Coruña (UDC) busca candidatos posdoutorais na área da Estatística e a Investigación de Operacións de cara as convocatorias Juan de la Cierva e Ramón y Cajal. Os interesados deben enviar a súa expresión de interese, acompañada de copia electrónica do seu CV a ana.almecija@udc.es.

Persoa de contacto na UDC: Ricardo Cao (ricardo.cao@udc.es)

3.- Bolsa Área de Estudos e investigación, Turismo de Galicia

Turismo de Galicia convoca unha bolsa na Área de Estudos e Investigación para a realización de labores de investigación, tratamento e análise de datos en materia turística. A bolsa ten unha duración de 12 meses e está dotada con 13.800€. Valoraranse coñecementos de estatística, R ou SQL entre outros.

Máis información:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20191209/AnuncioG0256-281119-0003_gl.pdf

4.- Concurso de profesor laboral interino na Universidad de Oviedo

A Universidad de Oviedo informa da apertura da convocatoria dun concurso de profesor laboral interino na área de Estadística e Investigación Operativa da Universidad de Oviedo, con duración desde o 9 de xaneiro ó 31 de agosto de 2020.

Envío de currículums: secdpto.estadistica@uniovi.es

5.- 30th International Biometric Conference

O 30th International Biometric Conference celebrarase en Seúl (Corea) do 5 ó 10 de xullo do 2020. Os prazos de envío de traballos aínda están abertos.

Máis información en: <https://www.abc2020.org/home>

6.- Theory and Practice of Optimal Stopping and Free Boundary Problems

A *Winter School Theory and Practice of Optimal Stopping and Free Boundary Problems* que se celebrará do 13 ó 17 de xaneiro de 2020 na Universidad de Leeds.

Máis información en: <https://conferences.leeds.ac.uk/osfbp/>

7.- SING16, European Meetings on Game Theory

O *SING16 (European Meetings on Game Theory)* terá lugar do 1 ó 3 de xullo do 2020 en Reggio Calabria (Italia). Este congreso adicado á Teoría de Xogos está organizado polo *Department of Law, Economics & Human Sciences* da Universidade de Reggio Calabria.

Máis información en: <http://www.sing16.unirc.it/>

8.- Premios de Investigación Matemática Vicent Caselles

A Fundación BBVA e a Real Sociedad Matemática Española (RSME) colaboran na convocatoria e adxudicación da sexta edición dos Premios de Investigación Matemática Vicent Caselles.

Sen excluír ningunha rama temática, considéranse incluídas as seguintes: combinatoria, optimización, estatística, teoría da información, lóxica, teoría de números, álgebra, xeometría alxebraica, topoloxía, xeometría, teoría de representacións, análise, sistemas dinámicos, ecuacións en derivadas parciais, modelización e simulación, computación e aproximación, física matemática, matemáticas da vida e da Terra, matemáticas económicas e sociais.

Máis información en: <https://www.fbbva.es/premios/premios-investigacion-matematica-vicent-caselles-2020/>

9.- Curso: Epidemiología avanzada: nuevos diseños epidemiológicos

O curso *Epidemiología avanzada: nuevos diseños epidemiológicos* da Escola Andaluza de Saúde Pública está dirixido a profesionais sanitarios que traballan en proxectos de investigación, e que pretenden profundizar en solucións innovadoras e en novos deseños de estudos epidemiolóxicos.

Máis información en: <https://www.easp.es/cursos/?idCurso=311307NA20>